

Anexo III. Documentos que deben entregar as empresas contratistas

Universidade da Coruña

De acordo co establecido na normativa de prevención de riscos laborais, o empresario principal debe coordinar cos contratistas que traballen no mesmo centro de traballo o cumprimento dos principios da prevención de riscos laborais e establecer as pautas necesarias para garantir a seguridade e a saúde dos traballadores.

Para ese efecto, independentemente dos controis que se executen durante o desenvolvemento dos servizos contratados, co obxecto de formalizar o contrato, comunicámoslles a relación de documentos que nos deben fornecer con carácter obrigatorio para garantir o deber de coordinación preventiva, como empresa que asume coa nosa entidade un contrato de prestación de servizos:

	Documento	
1	Organización de recursos para as actividades preventivas. Certificado do contrato co servizo de prevención alleo, de ser o caso.	
2	Seguro de responsabilidade civil en vigor. O seguro non debe excluír os danos ás instalacións e ao medio ambiente.	
3	Designación dunha persoa da empresa como encargada e interlocutora que será responsable da realización adecuada dos traballos (responsable de seguridade e responsable de vixiar e facer cumprir as medidas de seguridade).	
4	Avaliación de riscos e planificación da actividade preventiva da actividade para realizar na UDC.	
5	Copia de procedementos de traballo establecidos, no caso de que existan.	
6	Información sobre os riscos e as medidas preventivas que se aplicarán nos postos de traballo do persoal que traballará no noso centro (anexo II).	
7	Xustificación documental da afiliación e alta na Seguridade Social dos traballadores que van realizar tarefas nas nosas instalacións.	
8	En caso de dispor de recursos preventivos, rexistro do seu nomeamento.	
9	Certificados de formación e información en prevención de riscos laborais dos traballadores que van realizar traballos nas nosas instalacións.	
10	Certificados de aptitude médica dos traballadores que van realizar traballos nas nosas instalacións.	
11	Rexistro acreditativo da entrega de material de protección aos traballadores (EPI).	
12	Autorización dos traballadores para facelos, no caso de que vaian realizar algún dos seguintes traballos especiais: • Traballos en altura • Traballos en espazos confinados • Traballos en tensión	
13	No caso de subcontratar traballos, comunicación dos datos da/s empresa/s subcontratada/s xunto cos documentos indicados nas filas anteriores relativos a esta/s empresa/s.	

Quedamos á súa disposición para cantas consultas consideren oportunas,

Elaborado por:	Recibido por: A persoa responsable do contrato
Asdo.:	Asdo.:
Nome e apelidos	Nome e apelidos
Cargo:	Cargo: